



Segundo exame: Parte específica

Instrucións en galego

- O exame ten 30 preguntas.
Debes marcar as respostas na folla de respostas.
Tamén tes que contestar as preguntas de reserva.
- Tes **2 horas** para facer o exame.
- Todas as preguntas teñen 4 respostas.
Só 1 resposta é correcta.
As preguntas que respondas ben suman 3 puntos.
As preguntas que deixes en branco non puntúan.
As preguntas que respondas mal non puntúan.
- Cando termines o exame tes 2 opcións:
 - Opción número 1:
Se tes que facer o exame de galego,
espera as instrucións do persoal da organización.
 - Opción número 2:
Se non tes que facer o exame de galego,
entrega o cuestionario e a folla de respostas.
Debes entregar o cuestionario e a folla de respostas
ao persoal da organización.
A persoa da organización entregache
a copia da folla de respostas de cor azul.
- Podes descargar o cuestionario de preguntas
na páxina web www.sergas.es

Le con atención as normas para cubrir as respostas do exame.

1. Se non funciona a calefacción no centro de saúde, que debe facer o Persoal de Servizos Xerais?

- A) Comentallo aos demais compañeiros do Centro de Saúde.
- B) Comunicalo ao Servizo de Mantemento.
- C) Comunicalo ao Xefe de Servizo do Centro de Saúde para que o xestione.
- D) Non é función do Persoal de Servizos Xerais vixiar o funcionamento da calefacción.

2. Pódese interpoñer un recurso de alzada:

- A) Cando un acto administrativo esgota a vía administrativa.
- B) Ante un órgano administrativo inferior xerárquico.
- C) O prazo para interpoñer o recurso é de 1 mes.
- D) O prazo máximo para resolver un recurso e notificar a resolución é de 2 meses.

3. Na posición decúbito supino o paciente:

- A) Está deitado de lado cos xeonllos flexionados.
- B) Está deitado boca arriba sobre as súas costas, cos brazos e pernas estendidos.
- C) Está sentado cos brazos en cruz.
- D) Está deitado boca abaixo e coa cabeza virada.

4. A cadeira de rodas úsase para:

- A) Explorar aos pacientes.
- B) Desprazar aos pacientes.
- C) Cargar pesos para transportar.
- D) Levar mostras ao laboratorio.

5. Onde consta o número da Seguridade Social na tarxeta sanitaria?

- A) No lateral.
- B) No anverso.
- C) No reverso.
- D) Non consta.

6. Un dos aparatos de diagnóstico portátiles máis importante é:

- A) A cadeira de rodas.
- B) O goteiro.
- C) O carro de paradas.
- D) A padiola articulada.

7. Cal destas ferramentas utilizamos nos sistemas ofimáticos para facer tarefas?

- A) Os procesadores de texto.
- B) As follas de cálculo.
- C) O correo electrónico.
- D) Todas as respostas son correctas.

8. Que é a reprografía?

- A) É unha técnica para explorar aos pacientes.
- B) É a tarefa de reproducir unha ou máis copias dun documento.
- C) É o aparato máis utilizado para facer radiografías.
- D) É a tarefa de transportar e entregar documentos e paquetes.

9. Os prazos nos procedementos administrativos:

- A) Pódense contar por días hábiles e por días naturais.
- B) Os días naturais son todos os días da semana menos os sábados, domingos e días festivos.
- C) Os días hábiles son todos os días da semana.
- D) A lei 39/2015 do 1 de outubro non di como se contan os prazos.

10. Que é o programa QUERES?

- A) É un programa para xestionar as citas médicas.
- B) É un programa de xestión de mantemento.
- C) É un programa para solicitar a tarxeta sanitaria.
- D) É un programa que recolle, resolve e informa das reclamacións e suxestións que presentan os cidadáns en relación á atención sanitaria.

11. Entre o equipo de profesionais que forman parte da atención primaria están:

- A) Podólogos.
- B) Optometristas.
- C) Odontólogos.
- D) Pinches.

12. En que Real decreto legislativo se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social?

- A) Real Decreto Legislativo 5/2018 do 8 de outubro.
- B) Real Decreto Legislativo 8/2015 do 30 de outubro.
- C) Real Decreto Legislativo 3/2018 do 8 de outubro.
- D) Real Decreto Legislativo 3/2015 do 30 de outubro.

13. Na atención primaria de saúde na Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto que regula a libre elección do médico de familia, pediatra e persoal de enfermaría é:

- A) O Decreto 21/2001, do 11 de Maio.
- B) O Decreto 55/2015, do 26 de Marzo.
- C) O Decreto 172/1995, do 18 de Maio.
- D) O Decreto 150/2022, do 8 de Setembro.

14. Que precaucións debemos tomar no transporte de mostras?

- A) Evitar movementos bruscos dos recipientes.
- B) Débense transportar en posición vertical.
- C) É importante evitar que lles dea a luz.
- D) Todas as respostas son correctas.

15. Cando os prazos establecidos pola administración nos procedementos administrativos sexan por horas:

- A) Enténdense que son hábiles.
- B) Enténdense que son naturais.
- C) Poden ser superiores a 24 horas.
- D) Os prazos non poden ser por horas.

16. Cal é o tempo máximo de validez que figura na tarxeta sanitaria?

- A) 3 anos.
- B) 5 anos.
- C) 6 anos.
- D) Non figura ese dato nas tarxetas sanitarias posteriores a setembro de 2014.

17. Que tipos de comunicación verbal hai?

- A) Oral.
- B) Telefónica.
- C) Escrita.
- D) Todas as respostas son correctas.

18. Na posición de Fowler o paciente está:

- A) Deitado en posición horizontal.
- B) Sentado e co respaldo formando un ángulo de 90°.
- C) Semisentado, cos xeonllos flexionados e o respaldo formando un ángulo de 45°.
- D) Deitado sobre o lado dereito do corpo.

19. O porta-sinaturas utilízase para:

- A) Redactar cartas.
- B) Gardar documentos importantes para que os firme un xefe ou responsable.
- C) Facer anotacións e apuntes.
- D) Anotar as incidencias que se produzan na xornada de traballo.

20. A información ao público deber ser sempre:

- A) Clara.
- B) Completa, amable e sinxela.
- C) Para que a entenda calquera persoa.
- D) Todas son correctas.

21. Con respecto ao traslado en cadeira de rodas dun paciente:

- A) O Persoal de Servizos Xerais debe comprobar a identidade do paciente e o destino onde hai que levalo.
- B) O traslado en cadeira de rodas é a maneira máis complexa de mover un paciente dun sitio a outro.
- C) Unha vez que se chega ao destino, deixarase de acompañar ao paciente aínda que non esté o profesional sanitario que o vai atender.
- D) O Persoal de Servizos Xerais non fai esta función.

22. As memorias USB ou pendrive:

- A) Son unidades de medida.
- B) Son unidades de almacenamento.
- C) Son unidades de velocidade.
- D) Son unidades de control.

23. O tamaño dunha fotocopia será exactamente igual que o documento orixinal cando:

- A) No panel frontal da fotocopidora apareza o número 150%.
- B) No panel frontal da fotocopidora apareza o número 50%.
- C) No panel frontal da fotocopidora apareza o número 100%.
- D) No panel frontal da fotocopidora apareza o número 125%.

24. Cal é un aparato periférico de saída dun ordenador?

- A) A impresora.
- B) O teclado.
- C) A memoria RAM.
- D) O rato.

25. Que son as subministracións internas?

- A) Son os produtos que levan máis de 6 meses no Almacén.
- B) Son os produtos que van desde o Almacén ata as Unidades e Servizos do centro sanitario.
- C) Son os produtos que levan máis de 12 meses no Almacén.
- D) Son os produtos que veñen das empresas externas.

26. O Persoal de Servizos Xerais:

- A) Debe abrir e ler os documentos antes de entregalos ao destinatario.
- B) Debe comprobar que non existen erros nos documentos antes de entregalos ao destinatario.
- C) Debe garantir a confidencialidade e seguridade dos documentos ou paquetes.
- D) Debe entregar os documentos a última hora da mañá.

27. A posición "On" nunha fotocopidora significa:

- A) Que está atascada.
- B) Que está acesa.
- C) Que está avariada.
- D) Que está apagada.

28. En E-Saúde unha persoa pode ver (sinale a resposta INCORRECTA):

- A) Un calendario onde figuran todas as citas médicas da persoa.
- B) Información sobre a medicación da persoa.
- C) Informes de saúde da persoa na súa historia clínica.
- D) Como solicitar unha cadeira de rodas.

29. O Decreto 160/1996 do 25 de abril di que o Persoal de Servizos Xerais traballa:

- A) Nas unidades e servizos de Atención Especializada do Sergas.
- B) Nos Hospitais do Sergas.
- C) Nas unidades e servizos de Atención Primaria do Sergas.
- D) En calquera Institución do Sergas.

30. A Pediatría atende aos nenos:

- A) Que teñen entre 0 e 15 anos.
- B) Ata cumprir os 18 anos.
- C) Que teñan entre 1 e 18 anos.
- D) Ata cumprir os 10 anos.

Preguntas de reserva

1. As persoas responsables dos almacéns dos centros de saúde son:

- A) O celador de almacén.
- B) O médico encargado.
- C) Os supervisores de enfermaría.
- D) O xefe de persoal non sanitario.

2. A chave 365:

- A) Permite identificar e asinar documentos na sede electrónica da Xunta aos maiores de 14 anos.
- B) A persoa usuaria identifícase co seu DNI e a clave persoal.
- C) Para empregala non é necesario darse de alta.
- D) Pode acudir calquera persoa para solicitala de maneira presencial mostrando a tarxeta sanitaria.